

9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUG), outorgar a aprobación definitiva parcial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Taboadela, deixando en suspenso unha serie de documentos e determinacións para que o concello emendase as deficiencias detectadas neles.

I.2. O Pleno do Concello de Taboadela aprobou o 28-7-2008 os documentos corrixidos correspondentes, logo dos informes emitidos polos servizos municipais, técnico con data do 22-7-2008 e xurídico con data do 23-7-2008.

I.3. O expediente municipal foi remitido á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para resolver sobre a súa aprobación definitiva (entrada no rexistro en data 30-7-2008). O devandito expediente inclúe os seguintes documentos corrixidos como consecuencia do contido da Orde do 11 de xullo de 2008:

-Planos de ordenación: plano de estrutura xeral do territorio (folla única), planos de clasificación e cualificación do solo do termo municipal, serie nº 2, follas nº 1, 2, 3, 4 e folla índice.

-Tomo de memoria xustificativa, parte xeral: páxinas 37, 54, 55, 68, 78, 96, 97, 110, 138, 139, 140, e 147.

-Tomo de memoria, parte do estudo de sustentabilidade: páxinas 28, 29, 42, 43, 45 e 46.

-Tomo de memoria, parte do estudo de estratexia de actuación e estudo económico: páxinas da 26 a 35, ambas incluídas.

-Tomo de normativa urbanística: páxinas 119, 120, 121, 122, 185, da 191 á 194, 201 e 202.

I.4. Por medio dun escrito que entrou no rexistro da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o 23-9-2008, o concello xustifica, conforme o artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a existencia de erros materiais nos seguintes planos que foron obxecto de aprobación definitiva parcial:

-Plano de clasificación e cualificación do solo dos núcleos rurais, serie nº 3, follas 1, 4 e 6.

-Planos de análise do modelo de asentamento poboacional, follas 1 e 6.

Estes planos incorpóranse ao expediente, oportunamente corrixidos e dilixenciados, facendo constar que foron aprobados polo Pleno municipal o 28-7-2008, para a súa substitución polos da mesma serie e numeración do plan aprobado definitivamente.

II. Consideracións e fundamentación.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, os documentos aprobados polo Concello de Taboadela o 28-7-2008 introducen as correccións precisas para

emendar as deficiencias que se detectaran na Orde do 11 de xullo de 2008; así mesmo, os documentos citados no número I.4. anterior emendan erros materiais existentes nos da mesma serie e numeración que fosen obxecto de aprobación definitiva, acorde co artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co disposto no artigo 89.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, correspóndelle á conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes resolver sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

III. Resolución.

Con base no antedito, de conformidade co disposto no artigo 85.5º a) da LOUG, resolvo:

Primeiro.-Aprobar definitivamente a documentación corrixida do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Taboadela aprobada polo Pleno do Concello en sesión do 28-7-2008.

Segundo.-Os planos citados no número I.4. anterior substitúen aos de igual serie e número do documento que fose obxecto de aprobación definitiva parcial o 11-7-2008.

Terceiro.-Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de outubro de 2008 pola que se modifica a Orde do 2 de xuño de 2008 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.2º que a formación

profesional, no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

A Orde do 23 de abril de 2007 regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remate o ensino secundario obrigatorio e as modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ciclos formativos de graos medio e superior diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, modificado polo Decreto 192/2008, do 28 de agosto, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Modificar parcialmente a oferta educativa publicada na Orde do 2 de xuño de 2008 pola que se actua-

liza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, autorizando a implantación dos ciclos formativos nos centros relacionados no anexo I desta orde. O Fondo Social Europeo cofinancia nun 80% os gastos de funcionamento e de profesorado naqueles ciclos formativos relacionados coa sociedade da información e da comunicación.

Artigo 2º

Exixir para pór en funcionamento estes ciclos un mínimo de seis solicitudes en cada ciclo e centro educativo relacionado no anexo I desta orde. Para estes efectos computarase o alumnado repetidor. Un número menor de solicitudes exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e, en canto que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de alumnado débesele comunicar ás persoas interesadas no momento da súa preinscripción.

Artigo 3º

Non autorizar a implantación dos ciclos formativos nos centros educativos relacionados no anexo II desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Secretaría Xeral para tomaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Ourense

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Carballada de Valdeorras	32016467	IES Sección de Sobradelo-Carballada	M218008	Cubrición de edificios: lousas
Maceda	32016431	IES San Mamede	CM14001	Explotación de sistemas informáticos

Pontevedra

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	CM16001	Carrozaría

ANEXO II

Lugo

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo
Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	CM06001	Comercio